

Antón Santamarina (2015): “Coraxe e carraxe”, en Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 201-212.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Instituto da Lingua Galega

En memoria de tanto miragre

ESTUDOS DEDICADOS Ó PROFESOR DAVID MACKENZIE

Edición ó coidado de
Francisco Dubert García
Gabriel Rei-Doval
Xulio Sousa

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

EN MEMORIA DE TANTO MIRAGRE
Estudos dedicados ó profesor
David Mackenzie

Edición ó coidado de
FRANCISCO DUBERT GARCÍA
GABRIEL REI-DOVAL
XULIO SOUSA

2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre : estudos dedicados ó profesor David Mackenzie / edición ó coidado de Francisco Dubert García, Gabriel Rei-Doval, Xulio Sousa. – Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015. – 261 p. ; 24 cm.

Precede ó tít.: Instituto da Lingua Galega

D.L. C 1193-2015. – ISBN: 978-84-16183-96-8

1. Mackenzie, David – Crítica e interpretación. 2. Galego (Lingua). 3. Galego-portugués (Lingua)— Antes de 1500. 4. Literatura galega. 5. Literatura española. 6. Lingüística histórica iberorrománica. I. Dubert García, Francisco, ed. lit. II. Rei-Doval, Gabriel, ed. lit. III. Sousa, Xulio, ed. lit. IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed. V. Instituto da Lingua Galega

801 Mackenzie, David

806.99

806.90/99 "04/14"

869.9

Este libro publícase coa axuda financeira da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) ó grupo de investigación *Filoloxía e lingüística galega* (GI-1743), da Universidade de Santiago de Compostela.

©Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño de cuberta

Raquel Vila Amado

Maquetación

Raquel Vila Amado

Imprime

Imprenta Universitaria
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Edita

Servizo de Publicacións
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

Dep. Legal C 1193-2015

ISBN 978-84-16183-96-8

Coraxe e carraxe

ANTÓN SANTAMARINA

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

Para un falante corrente, especialmente se é lector de textos literarios, as dúas palabras do título están hoxe diferenciadas semanticamente. Mesmo para falantes que teñen coñecementos lingüísticos non está claro que se trate de variantes fonéticas da mesma palabra. De feito, nos dicionarios as dúas teñen entrada diferente (cf. DdD): por un lado **carraxe** (*carrage, carraje*) e polo outro **coraxe** (*corage, coraĝe, coraxe*). É verdade que o solapamento semántico se reflicte ás veces nas definicións; por exemplo Pintos, que é o primeiro lexicógrafo que ten as dúas entradas define **corage** como ‘corage’, en cambio **carrage** como ‘corage, rabia’, como se *carrage* tivese dúas acepcións ou polo menos o sema extra de ‘rabia’. Ou ben Eladio Rodríguez, que ten tamén as dúas entradas: **carraxe** (1) ‘coraje, impetuosidad, esfuerzo del ánimo’; (2) ‘Irritación, enojo, enfado, cólera, indignación’; e no seu lugar: **coraxe** ‘coraje, *carraxe*’. O sistema de D. Eladio é algo confuso pois non queda claro se (a) **coraxe** ten unha acepción soa, a equivalente á 1ª de **carraxe**; ou (b) se ten dúas, entendendo ‘coraje’ = **carraxe** acep 1ª, e ‘*carraxe*’ = **carraxe** acep. 2ª. Cremos que a opción (a) reflicte o pensamento do lexicógrafo, é dicir, que **carraxe** significa só ‘irritación, enojo...’ e non ‘esfuerzo de ánimo’. Eu mesmo cando colaborei na elaboración do *VOLGA* considerei lemas diferentes **carraxe** e **coraxe**, por iso figuran dúas entradas no *DRAG*; os redactores deste dicionario corrixiron en parte esta decisión pois na acep. 2ª de **coraxe** mandan *confrontar* tamén **carraxe**, na única acepción que se dá (pero non se inclúe **carraxe** na lista de *sinónimos* de **coraxe**). Voltando á nosa frase do principio: no meu dicionario mental, construído a base frases escoitadas e lidas, seguramente compartido co do da maioría de falantes, **coraxe** e **carraxe** son palabras diferentes e non variantes formais unha da outra.

Na literatura reflíctese ese mesmo sentimento lingüístico, pois non é pequena a nómina de escritores que usan as dúas palabras e as discriminan da maneira que acabamos de indicar, formal e semanticamente (*coraxe* ‘valor’/ *carraxe* ‘rabia’); entre eles están Castelao, Risco, Dieste, Fole, Silvio Santiago, Casares, Rivas e Darío X. Cabana; a lista alongaríase se tomamos outros autores que usan as dúas palabras con menor frecuencia. Abunda en propiciar este sentimento lingüístico a enorme cantidade de veces que aparece *carraxe* ‘ira, enfado’ nos textos e a cantidade de veces que se dá en determinadas colocacións: [CARRAXE] + *adocido barbarisma contida fera feroz furibunda incoutable incommensurable irada xorda*; [CARRAXE] + *e furor rencor ira indignación asañamento odio resentimento; aceso alhendido roxo cego envenenado vermello* + [DE CARRAXE]; *arder brimbar bufar fer-fer estoupar tremar ouvear* + [DE CARRAXE].

Unha impresión semellante tirámola cando imos ás listas de derivados. Por un lado *carraxento carraxoso carraxudo encarraxado* sempre ‘rabioso, irascible, enfadado, furioso’; *encarraxar(se)* ‘tornar(se) irado’; e polo outro *coraxego coraxento coraxoso, coraxado encoraxado coraxudo* ‘arriscado, brioso, valente ou propio de quen o é’, *encoraxar(se)* ‘dar ánimo, volverse animoso’; só detectei un caso que contradí esta norma, un exemplo de Comellas Coímbra ([D. Loís].- (*Coraxento*). ¡Rapaza! (*Indo astra a porta por onde foise Pilara*). ¡Hasmus pagar, xur’a Dios! (*Vai saír pola portalada*)).

Os problemas xorden cando tratamos de definir separadamente unha e outra palabra cos exemplos fornecidos por un corpus, coma o TILG; empezando polas equivalencias que dan algúns glosarios de obras que en principio non son lexicográficas: *carraxe* ‘coraje’ (ROVIRA: *Hirmandade*, RODRIGUEZ LÓPEZ: *Gallegadas*, FUCO GÓMEZ: *O idioma dos animás*); *carraxe* ‘rabieta’ (PÉREZ BALLESTEROS: *Versos en dialecto gallego*); *carraxe* ‘Cuv. cólera’ (IGLESIA ALVARIÑO (trad.): *Quinto Horacio Flacco: Cancións. Libro I*). As cousas complícanse aínda máis se imos ós textos mesmos pois hai algúns autores, aínda que poucos, que usan unha única palabra cos dous sentidos (‘valor’ e ‘rabia’) como é o caso de Lamas, que usa só *coraxe*; ou Pintos e San Luis Romero, que usan só *carraxe*; ou os que, como Rodríguez López, que usan as dúas palabras, *coraxe* e *carraxe*, cos dous sentidos indiscriminadamente; ou outros, como é o caso do citado Comellas Coímbra, que usa so *coraxe* (e *coraxento*) sempre co sentido de ‘rabia’ (e ‘rabioso’), que é o contrario do esperado. A confusión semántica entre as dúas formas tórnase completamente evidente se nos mergullamos no corpus do TILG enteiro. Esta é a razón pola que consideramos que é preferible agrupar as dúas formas nunha entrada única, aínda que nalgunha acepción (en realidade sub-acepcións) só se

documento unha das dúas formas. Lembremos de paso que a voz castelá *coraje*, equivalente das dúas nosas (*coraxe* e *carraxe*), ten as dúas acepcións, ‘valor’ e ‘rabia’ (cf. *DRAE* ou *MM*). Operando cun prexuízo etimolóxico darémoslle entrada por **coraxe** e poremos como variante **carraxe**, aínda que estatisticamente, nos textos, sexa máis frecuente esta última. Velaquí a tentativa de artigo de dicionario; vou ser xeneroso en exemplos para ilustrar ben os matices en cada caso; que abunden máis nunhas acepcións ca noutras non indica nada acerca da frecuencia; tamén procuro usar exemplos desde o Rexurdimento á actualidade para que se vexa que a diferenciación aínda non está consumada.

coraxe s. (*m.* e *f.*)

VARIANTES **coraxe**₃₄₀, **corache**₁, **coraghe**₅, **corraxe**₃, **curaxe**₂, **carraxe**₇₆₉, **carrache**₁, **carrax**₁, **carraxa**₂, **carraxen**₃

1ª DOCUMENTACIÓN 1810- (**coraxe**), 1820- (**carraxe**), 1884- (**corraxe**)

1. Fortaleza de ánimo, capacidade para acometer ou soportar situacións físicas ou morais perigosas, difíciles, que comportan traballo, sufrimento etc.; valor, decisión, bravura, ímpeto, determinación, atrevemento, ánimo, pulo.

A. **coraxe** (moi frecuente):

Se os da familia non tiñan coraxe, sempre había un en cada aldea que se prestaba a afeitarse morto. VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, MANUEL: *Aconteceres*.

Aprendeu a tocar o piano da súa irmán Olegarita. E xa en Buenos Aires tivo tempo e coraxe para tomar leccións dun famoso profesor. OTERO ESPASANDÍN: *Obra galega*.

Tras un pouquiño de descanso, empricipiou a espadelar con máis coraxe. GARCÍA BARROS: *As aventuras de Alberte Quiñoi*.

que lle gustaría ter a coraxe de roubar, se non fose porque era unha empresa disparatada e imposible. CASARES: *Deus sentado no sillón azul*.

Debatínme entre o medo e a coraxe. CARIDE: *Sangue*.

Il [Nietzsche] pensou que non o iban comprender, e compréndeno todos. Pra comprendelo, cumpría ter coraxe; mais, ¿quén non tén coraxe, hox'en día, co doado que resulta téla? Tamén a coraxe inteleitual está democratizada. O que é difizle é ter honradeza, qu' que é coraxe, tena calquera, non quedando en pé coma non queda, ningún perxuízo. RISCO: *Mitteleuropa*.

non tuven coraxe pra dar cabo de min; matarme ós 25 anos era demasiado. SANTIAGO, SILVIO: *O silencio redimido*.

B. **carraxe** (pouco frecuente)

Fáltanos carraxe. Fáltanos o sentimento da propia dignidade ANT 1ª ÉPOCA 047 (texto de A. VILAR PONTE).

as belicosas hostes / de Caaveiro e de Andrade, para a luita / preparadas están, e desexosas / de lavaren con sangue as súas inxurias. / *Atácanse por fin, vertixinosas / con marcado carraxe e con bravura.* TETTAMANCY: Diego de Samboulo.
 ¡adiante, galegos, / carraxe indomabre, / se o demo é coos mouros / convosco está Dios...!
 SALINAS, GALO: *Lenda de horrorre.*
 ¡Que me sigan os que teñan carraxe! -berrou Gundesteo. BERNÁRDEZ VILLAR: *No ano do cometa.*
 As cousas están difíciles, tío Evaristo. *Moi reviradas de máis... -Sais ó teu pai, rapaz. Qué pouca carraxe tes, qué pouco pulo, carallo.* FREIXANES: *O triángulo inscrito na circunferencia.*
 [FILLO] *Non, eu ficarei.* [UN EMIGRANTE] *Ten carraxe e camiña.* [FILLO] *Eu fico.* MARIÑAS DEL VALLE: *A revolta e outras farsas.*
 Pro os paisanos aqueles que viran / cal mansas ovellas, / tiñan drento unha alma de lobo, / o valor i o carraxe dos celtas, (...) / i ó sentir o seu chao ofendido (...) / o istintivo aguillón d'ameñaza (...) / espertounos, facendo fer-verlles / a sangue nas veas. RODRÍGUEZ LÓPEZ, XESÚS: *Gallegadas.*

1b. Por analogía pode aplicarse a animais (doc. só **coraxe**).

Non fixo falla asubiari lle dúas veces. Xa o animal comprendía o que estaba acontecendo. Foi ben que viñese con nós un can de tanto coraxe e docilidade. PUENTES: *Aguillóns.*
Cando o lobicán figo un ano daba gusto velo; tiña o coraxe e a forza do lobo, i astucia e axilidade de movementos do raposo. VIDAL RODRÍGUEZ: *Deixe que xa...*
A cobra botábase com'unha centella, cun movemento súpeto de coraxe; botábase pra diante, com'unha flecha que se fose chantar na mau da provocadora. RISCO: *Mitteleuropa.*

1c. Por metáfora pode aplicarse a cousas.

É outono. A rúa é lenta. A lúa chea entra con coraxe. LEDO ANDIÓN, MARGARITA: *Trasalba.*

2. Sentimento de enfado, rabia, irritación, cólera, furia, indignación etc. contra alguén ou algo que é adverso, inxusto, odioso, ofensivo etc.

A. coraxe (menos frecuente ca **carraxe**)

Xan.- (Adoecendo de coraxe.) Eu mátoos. ¡Xuro a Dios! ARMADA TEIXEIRO: *Non máis emigración.*

Vóanme os pelos coa coraxe, tío Marcos, cando oio marmular que vostede é un desvergonzado. TÍO MARCOS 1ª ÉP. 027.

O xuramento qu'estonces botou non volo digo. Botouno redondo como non o botara na súa vida, e dempois de xurar escramou con coraxe tirando a gaita no chau: «¡Anda e que te colla o demo (...)!». TÍO MARCOS 2ª ÉP. 068.

Ó concurtir de ler, o paisano enxoitou unha bágoa, e mirou con coraxe ó seu arredor como si buscasse ó infame sedutor pr'aniquilalo. FULIADA 020 (texto de A. V[ESTEIRO] T[ORRES]).

Pepe sabía esto e in da sin conocer toda a infamia daquel home, sin saber qu'el fora o ladrón do diñeiro, sabendo qu'ol fora da súa honra, cheo de coraxe desafiouno. TÍO PEPE 013 (texto de TOÑO DA VILA).

Si non has de apadriñar / ó rapaz, que é meu argullo, / ¿pra qué mercache un vurullo / con que ó neno envurullar? / É non de coraxe cego / repoñas ó qu'aquí digo, / que antes de ter un contigo / tiven un fillo d'achego. CURROS: Aires.

Deo gratias -Añón dicía / batendo ás portas, i en todas / repóñenlle: ¡Andáte via! / -¿Seique non hai hospedaxe / pra nós, Mestre? -interroguille, / disimulando o coraxe. CURROS, Divino.

Tamén oieu dicir que, levando Mercado unha vez presa a unha muller, viciña desta cidá, que aínda que non a levaba collida nin agarrada, a muller caera morta ca rabia e ca coraxe que tomou. LÓPEZ FERREIRO: *A tecedeira de Bonaval.*

non se deprecataba qu'Antón tiña os ollos baixos e retorcíase encima da hucha pra ocultar o coraxe que lle fervía no peito. MASMA, XAN DE: *¡A besta!*

Estábache a piques de non ser home, encamado a mor parte do ano, con Koprotkine e Blasco Ibáñez embaixo da almofada, rillando coraxe, morrendo a cada intre. MÉNDEZ FERRÍN: *Antón e os inocentes* (2ª ed.)

Pois, daquela, non se fale máis. Aquí teñen a conta e punto. -Non, e «punto» ,nada diso. -Cómo que nada diso, alporizabase e puñase rubio de coraxe o encargado1q2tt. CID CABIDO, XOSÉ: *Grupo abeliano.*

B corache

O crego daquela volveuse roibo coa corache, e dixolle conténdose o máis que poido: -Perdónoch'o insulto. FULIADA 005 (texto de CARLOS POL).

C. carraxe (moi frecuente)

Cala, home, que me dá carraxe oír esas levantaduras de falsos testimonios: málea quen dá lugar a elas. Tertulia en la Quintana 2.

Como tecendo van as labaradas / polo pasto do lume nun incendio / así van os de fóra enfurecidos / co carraxe a bater ós que están dentro. PINTOS: *A Gaita gallega.*

Oh día do memento! / qué día de carraxe [=dies irae], triste día! / entonces servíraos de tormento / a pasada alegría, / porásevos diante o mal exemplo, / e veredes arder a cera fría / que vos rodeará dentro do tempo! PINTOS: *A gaita gallega.*

A min faíme choutar de carraxe ise andacio do chamado «chalet» onde viven os nosos homes de diñeiro e ... os nosos ministros. CASTELAO: *Arte e galeguismo.*

Portugal non quería morrer asimilado por Castela, e, nun rapto de carraxe, rompeu os ventcellos familiares, pideu separación de bens e foise a vivir a súa vida na mellor fachada do fogar común. CASTELAO: *Sempre en Galiza.*

A carraxe en vinte anos apitada estalou ó fin como choupina [=bomba, foguete]. COTARELO: *Beiramar .*

Murguía tronou con carraxe e xenreira d'apóstol, contra do criminal caciquismo. ANT Iª ÉP. 018 (texto de XESÚS FARIÑA).

Trato dondo con todos; endexamais unha verba máis outa que poidera significar descomedimento ou, menos aínda, axe [=desprezo] nin carraxe. ALONSO RÍOS: *O señor Afranio.*

en galego tamén tronou a súa carraxe. Porque Curros debeu ser sempre un atormentado polo peor verdugo que un home pode ter, polo seu propio temperamento. CUEVILLAS: *Prosas galegas*.
e entón a xente ao non poder entrar no edificio que tentaba asaltar, esfogou a súa carraxe saqueando as tendas da viciñanza, unha atrás da outra. TOBÍO: *Décadas*.
Sentiu que o afogaba unha carraxe barbarisma. Botou a man ó bastón e sacou o estoque, decindo un xuramento, e púxolle a punta na gorxa. FOLE: *Á lus do candil*.
Algúns, co corpo delorido, rían e choraban ó mesmo tempo. Algunha choraba xa de veras, morta de medo. O mestre, cego de carraxe, seguía zorregando, e, séndolle pouco a vara, axudábase coa outra man a puñadas. GARCÍA BARROS: *As aventuras de Alberte Quiñoi*.

D. corrax

Cerrou a ventana Antona / cas cántigas moi noxada, / i ardendo en corrax Mingos / ca cardaña [=fouce] preparada / -Non veñan meters'os reises / dixo, donde nadia os chama.
AMOR E MEILÁN: *Treboadas*.
Mais ela colléndoo / no furto desleal, / lle dixo poñéndose / acesa aínda máis / e linda qu'as zreixas / que tiña na man, / e cunha corrax / donosa en verdá / (acaso de verias, / finxido quezais): / faltache á palabra, / 'Tate quedo, Xan. PONDAL: *Queixumes dos pinos*.

- 2b. Por analogía pode aplicarse a animais (só documentamos **carraxe** e só referido a cans).
O can ollaba pra min ladrando con carraxe. FOLE: *Terra Brava*.
saíu do casarón un can enorme, branco con manchas azouridas, que se botou a el con increíble carraxe. MIRANDA, XOSÉ: *Mornig Star*.
Ela sostivo sempre que «Luceiro» xamais ladrou con máis carraxe cá noite en que levaron a meu irmán Xosé pra matalo na carballeira. LUEIRO REY: *O sol na crista do galo*.

- 2c. Por metáfora pode referirse á violencia ou furia de fenómenos naturais

A. coraxe

Diante de nós, entramentes, / do Mediterráneo as olas / crechas e forforescentes, / da praia den-
de as areas / veñen sobr'o tren que pasa / cuspir, de coraxe cheas. CURROS: *O divino sainete*.
Vexo o Souto en parda sombra / envolvendo o seu ramaxe, / que por bon, «do Rei» se nombra, /
donde fero o vento asombra, / roxe e estala de coraxe. ROSALÍA: *Cantares Gallegos* (1ª ed).

B. carraxe

O mar tolea de carraxe cando non o deixan penetrar na terra. CASTELAO: *Sempre en Galiza*.
Os seus pés, casi sempre nus, esparrancados de moito trotar e acorazados de pel córnea, contra
a carraxe de toxos e pedruscos, calzan ás vegadas choqueiras ruínas. DIESTE: *Dos arqui-
vos do trasno*.
Senteime nos cons e escoitei a carraxe das ondas. CASTRO, ANTÓN: *Vida e morte das baleas*.
Ademais ó labrego tenlle conta / Axexa-las estrelas, a de Arturo, / Os días das Cabriñas, e o lou-
cente / Dragón, de igual maneira que o viaxeiro / Que por ventosos mares volta á pátreia /
E desafia o Ponto e as carraxes / Das ostríferas gorxas Dardanelas. GÓMEZ LEDO
(trad.): *Virxilio. As Xeórxigas*.

*¡Santa ermida! Ten as muras / máis fortes que as dun castelo / pra resistir as carraxes / das
invernías i os ventos. GÓMEZ LEDO: Borreas.*

*entóldase o ceo e a pedra comeza a caír con carraxe. DIÉGUEZ, LOIS: A canción do vagamundo.
O vento asopraba con carraxe lombando as árbores. FOLE: Terra brava.*

3. Odio ou rancor permanentes, xenreira.

A. coraxe

*Neso de xenreiras, non hai millores maestros qu'os aldeanos, i o señor alcalde, que pouco máis,
pouco menos, era da xeitura do Goriño, non se quedaba curto en amostrarlle o coraxe que
lle tiña. LAMAS: Gallegada.*

B. carraxe

*Os carraxes entre familias teñen dado lugar á mór parte das enconadas loitas políticas nas
aldeas, vilas e cidades. RISCO: Etnografía (cultura espiritual).*

*...as risadas dos diaños, o fedor do xofre e de podremia que non se pode aturar, os aldraxes dos
us ós outros, a carraxe que se teñen, o constante sabor de fel na boca. RISCO: Etnografía
(cultura espiritual).*

*O marxismo, a doutriña máis tristeira, máis moura qu'endexamais s'inventou no mundo,
fixo infinitamente disgraciadas a unha chea de xeraciós qu'agardarán cusbindo fel a que
chegue o dies irae do proletariado, e que, se trunfan, agardarán aínda inutilmente, coa
ialma envenenada de carraxe, o advenimento do paradiso terrestre que non ha chegar
endexamais. RISCO: Mitteleuropa.*

4. En sentido irónico: valor, atrevemento, maneira de obrar de quen di ou fai algo que resulta ofensivo pola falta de respecto ou consideración; insolencia, ousadía. (Uso raro. Só coraxe)

*-Entón ¿é que non queres faguer o que eu che digo e che mando? Coma tes coraxe, ti, un rapaz
que eu coidaba tan bo e tan intelixente, pra desobedecer a teu pai. FARIÑA JAMARDO: Co
sorriso nos beizos.*

*xa sei qu'ó señor Benito / que ié un home moi fran / tampouco non reparou / en denunciar
a Vilán / e fai falta ser de coraje / pa denunciálo ó cura. SCHUBARTH/SANTAMARINA:
Cancioneiro. IV.*

5. Estado de ánimo, en especial o sentimento desgusto provocado por algo que nos decepciona porque é contrario ao desexado, que nos contraría por triste ou que nos irrita por inxusto ou inmoral.

A. coraxe.

*[JUANITA]: ¡Muy buenas, Antón! ¿Que cuntas? ¿Que hai de novo por el pueblo? [ANTÓN]: Pos
por el pueblo hai abondo i mal repartido i tamén abondo pra puer a un de mal coraxe.
FIDALGO VILLAVEIRÁN: Sainete.*

A primeira reacción que tuvo foi a de rilar os dentes i dicir con certo coraxe: –Si eu tuvera decioito anos, ¡dun tirón erguía el burro con carga i todo! GARCÍA SÁNCHEZ (=GALANO): Parzamiques (2ª ed.).

e dá coraxe que aqueles manífecos maios, que dinantes enchían as calles de gratos e cheirosos aromas, fosen substituídos por fragatas, arcs e castelos, feitos con cartóns e mamarrachadamente pintados. F. PORTELA PAZOS: Contos.

–¡Ai! ¡miña muliña branca, qu'axiña te perdo! marmurou estonces Xan, con sentimento e con coraxe. ROSALÍA: Contos da miña terra (a).

¡Vaia que nó me pasa, quedarme sin galo, sin unba cabra e sin raposa, por causa... Foméame a sangre. O home, limpiaba o sudor, e daba voltas á pucha de coraxe: e non era pra menos. LÓPEZ, JOSÉ MARÍA: Contos de polavila.

pro cando cheguei a mozo e meu pai contábame a súa vida, vin craro e enchínme de coraxe por todo aquilo que xa pasou pra non tornar máis. JDS (?): Cousas.

Non quería saber ren daquilo. Non afondar máis na cuestión. E, aínda que lle daba coraxe, tampouco coidaba en escudriñar naquel segredo da Henriqueta. A PENEIRA 220 (texto de XAN RGUEZ. PUENTES).

[a gaita] vai polas acurrunchadas corredoiras das montañas acultando o seu coraxe e doéndose do esquecemento en que a teñen. O TÍO MARCOS 2ª ÉPOCA 001.

B. carraxe

Os dous lugartenentes termaron del para poñelo en pé, abrollando irrefreables dos ollos bágoas de gratitude e carraxe, comprendendo chegada a fin da prisión. IGLESIAS: Soño do falcón. a min vénme moitiño a mûseca, elev'o espirto e fai olvida-las penas e carraxes da terra. A FULIADA nº 06 (texto de CARLOS POL).

Non sei que condabado ruín presentemento / ó cabo dos meus anos me vén ateazar. / De día e mais de noite, decote aquí o sento; / Melancóneca pena, carraxe me vén dar. SAN LUÍS ROMERO: O fidalgo.

[GORIÑO].- (Agarimoso). (...) Máis tempo así deste xeito / non podíamos estar, / i ó non podernos casar, / aínda que sofra o meu peito... / [ROSIÑA].- ¡Núbrasem'o curazón! / [GORIÑO].- Meu ben, non sentas carraxe. / [ROSIÑA].- ¿Te-los cartos pró pasaxe? / [GORIÑO].- É Matías quen mos pon. SAN LUÍS ROMERO: Rosiña.

Niñón, o Bosque, Baneira / e Verdes, belo paisaxe, / qu'ò Anllóns bica coa carraxe / de ter que seguir carreira... SAN LUÍS ROMERO: Versos.

5b. Pena provocada pola dor ou desgraza allea.

¿Non vos dá coraxe vir-vos meter con este pobre? VILLAR JANEIRO/RÁBADE: Morrer en Vilaquinte.

Diume coraxe de mirar pra o can morto e de ouvir aquela muller laiando. MOURE MARIÑO: Sempre matinando.

[CARMELA] Señor, sea máis homano. / Olle que tén catro nenos / que caben baixo dun paxe. / [FIDALGO] Non me veña dar carraxe. / ¿Se os tén qué? SAN LUÍS ROMERO: O fidalgo.

Polos exemplos que se deron vese que, nas acepcións principais (1, 2 e 5), **coraxe** e **carraxe** son intercambiáveis. Só aparece unha ou outra forma nalgunhas acepcións secundarias ou subacepcións, se cadra porque o corpus é limitado; tamén, conforme se viu, poden aparecer diferenciadas no corpus individual dun mesmo autor. Pero, a pesar disto e de que teñen familias léxicas diferentes (*coraxoso/carraxoso* etc.), polo menos para un dicionario de uso, baseado nun corpus, é comprometido dar coma diferentes as dúas formas. Aceptar dous lemas diferentes implica dar por concluído un proceso de diferenciación que o uso aínda non consagrou de maneira definitiva. Na estratexia dun dicionario normativo haberá que sopesar outros argumentos; de feito no *DRAG* e no *VOLGA*, como queda dito, figuran coma dous lemas diferentes (coma *saudadel/soidade*, *crear/criar* e algunhas outras).

A cronoloxía de aparición das dúas variantes na literatura é case a mesma (1810 *coraxe* /1820 *carraxe*). Probablemente a forma innovadora *carraxe* nas súas orixes respondía a unha variante popular local da Galicia occidental; no século XIX os primeiros escritores en documentala son os autores, coñecidos ou anónimos, composteláns das Tertulias, Diálogos e Cartas, que sen dúbida reflectían a fala popular. Se facemos unha nómina dos primeiros escritores que rexistran a palabra comprobamos que todos os autores que documentan *carraxe* son da Galicia occidental: Pintos, os de La Iglesia, Rosalía, Pérez Ballesteros, López Ferreiro, Vaamonde, Martelo Paumán, Ribalta, U. Carré, *A Fuliada*. Falta en cambio nos escritores e revistas da Galicia oriental do XIX; nada no Tío Marcos, Lamas ou Curros; o primeiro autor non pontevedrés ou coruñés que usa *carraxe* é Rodríguez López (de Lugo) en 1899, pero daquela xa o galego se aprendía tamén polo libro. Non sei se hoxe estamos aínda en condicións de comprobar no terreo se a nivel popular esta distribución xeográfica que supoñemos por vía de hipótese aínda ten vixencia. No *ALGa* (pregunta 103, inédita) só se rexistra unha vez *carraxe*, na Laracha, co sentido de ‘desgusto’ (que se corresponde coa nosa acep. 5); pero é probable que estea viva en máis sitios.

Aparecese coma unha área compacta ou dispersa en forma de erupcións locais, o caso é que *carraxe* e as catro variantes que lle fan compañía (*carrache carrax carraxa carraxen*) derivan de *coraxe*. *Coraxe*, pola súa parte, como é ben sabido, non é palabra patrimonial (como non o son tampouco o castelán *coraje* nin o portugués *coragem* nin o italiano *coraggio*). Falta no galego medieval, polo menos nos textos coñecidos ata agora; en castelán a primeira doc. do CORDE (*corage*) é do *Libro de Alexandre* (arredor de 1250); en portugués, segundo Houaiss a

primeira doc. é da 3ª *Década* de J. de Barros (1563). A falta de testemuños antigos lévanos a pensar que o occitanismo (*coratge*) ou francesismo (ant. *corage*, mod. *courage*) chegou ó galego a través do castelán; probablemente ó portugués chegou polo mesmo camiño. A acepción de ‘valentía’ é compartida polos catro idiomas románicos peninsulares; as de ‘valentía’ e ‘rabia’ só polo castelán e galego; e o galego acabou xerando en solitario a acepción propia de ‘desgusto’ e matices afíns, que se expresa fundamentalmente con *coraxe* (non con *carraxe*). Tamén neste sentido hai casos en que *coraxe* / *carraxe* se opoñen formal e semanticamente como vemos neste exemplo de Carlos Pol, na *Fuliada* 3 (1888), que nos dá contiguas na mesma frase as dúas palabras con sentidos (e xéneros) diferentes: *A raposa tembrando / coa xiada da poza e o coraxe / seguía reprecando / e mal desimulaba súa carraxe*.

Queda aínda por dilucidar o misterio do *-rr-*, que é exclusivo do galego. Corominas (s. v. *corazón*) supón que «el cambio de *cor-* en *carr-* se debe al influjo de *carregar* ‘volver sombrío el rostro, torvo, triste’». Explicación que non se sostén porque *carregar* aínda que era a forma predominante no galego antigo, no galego popular moderno é raro, se existe; no galego literario ata 1917 tamén é raro; encontramos *carregar* unha vez en Sarmiento (que prefire *cargar*) outra en Pintos (que tamén prefire *cargar*) catro en Ribalta (que a prefire a *cargar*). Empeza a popularizar a forma *carregar* *A Nosa Terra* de 1917 para diante. É aínda que ese influxo fose posible, non acaba un de entender por que un significado moi secundario de *carregar* ‘volver torvo, volver triste’ puido ser capaz de inducir o cambio de *coraxe* a *carraxe*.

Non sabemos se os tres *coraxe* que hai documentados son erratas; Amor Meilán úsao unha vez en 1884 (outra *carraxe* na mesma obra); Pondal outra en 1886; Justo Eliseo Areal Barros outra en 1900. Como é forma de dubidosa existencia é mellor deixala de lado e prescindir de considerala como intermediaria entre *coraxe* e *carraxe*. Tampouco podemos saber se entre *coraxe* e *carraxe* existiu unha forma intermedia **caraxe*. Daquela é mellor partir, como fai Corominas, que de *cor-* se pasa a *carr-* directamente. E as posibilidades de xustificar o cambio (de non convencernos a hipótese de Corominas) só poden ser dúas. Ou ben que o paso *-r->-rr-* se debe a unha reduplicación expresiva; hai outros casos de paso semellante; a interxección eufemística ¡*caracho!* (varias veces no TILG, por ex. en Fole: *e cada un diles levaba un nabo espetado na baioneta ¡Caracho!... O nabo de Lugo*) alterna con ¡*carracho!* (José M^a Posada: ¡*Vaia unha moza! ¡carracho!*). No TILG e nos dicionarios recóllense tamén os dobles *carapucho* / *carrapucho*, *carapucha* /

carrapucha, carapucheiriña / carrapucheiriña, escarapote / escarrapote que na forma orixinaria tiñan *-r-*. Seguramente hai máis casos; límítome a exemplificar con casos en que hai *-car-*. E a outra posible explicación (que non é incompatible coa anterior) é que *coraxe* se contaminase con *rabia*; iso explicaría ademais que *carraxe* acabase case especializándose no sentido de ‘rabia’. É probable que unha vez que deixou de ser unha palabra aldeá e entrou na circulación literaria, o francés *rage* ‘carraxe’ acabase botando unha man ó seu éxito; o coñecemento do francés por parte dos *lletraferits* do Rexurdimento está ben documentado; non hai que esquecer que en boa medida *carraxe* é palabra literaria; éo certamente para quen isto escribe.

Queda fóra do que interesaba para esta contribución o problema morfolóxico do xénero. Un estudo detallado diso non entra nas miras deste artigo. Vou dar unicamente uns datos estatísticos curiosos. Dos 478 casos que ten o TILG nos que *coraxe/carraxe* levan determinantes a distribución é a seguinte: *o coraxe* 64, *a coraxe* 68, *o carraxe* 10, *a carraxe* 336. Sería tedioso e pouco útil facer un cómputo de cuántas veces aparece cada unha das formas cos seus xéneros respectivos en cada unha das acepcións. Fixen só un reconto das ocorrencias ata 1900 e as cousas están así: *o coraxe* ‘valor’ 7, ‘rabia’ 12, *a coraxe* ‘valor’ 1, ‘rabia’ 9; *o carraxe* ‘valor’ 0, ‘rabia’ 2, *a carraxe* ‘valor’ 2 ‘rabia’ 46 (o primeiro *carraxe* m. ‘valor’ é de 1903: *Atácanse por fn, vertixinosas, / con marcado carraxe e con bravura* TETTAMANCY: *Samboulo*). A vacilación de xénero é tan característica que os determinantes poden alternarse na mesma frase, coma nesta de Pondal citada antes: *e cunha coraxe / donosa en verdá / (acaso de verias, / finxido quezais)*. Esta situación de ambigüidade afectaba no galego antigo a maioría dos galicismos en *-axe* (*linguaxe, viaxe, liñaxe, beberaxe, mensaxe* etc. v. TMILG *age) e durou ata hoxe, con tendencia a tirar para o masculino por presión do castelán. O paso de *coraxe* a *carraxe* distanciou o galego do castelán e favoreceu a xeneralización do feminino e que *carraxe* tendese a especializarse no sentido de ‘rabia’. Na actualidade a distribución de xéneros xa non obedece a un uso espontáneo senón a unha regularización planificada.

Como remate desta breve contribución só me resta engadir que o caso de *coraxe/carraxe* non é illado; na elaboración do estándar galego moderno atopamos moitos outros exemplos de vacilacións semellantes, unhas veces con cristalización nunha forma única, outras cunha xeminación fonética e semántica semellante á presentada. Algún día un dicionario de uso dará razón de todos.

Referencias bibliográficas

- ALGa* = Instituto da Lingua Galega (1990-): *Atlas Lingüístico Galego*. A Coruña, Fundación Barrié.
- CORDE = Real Academia Española: *Corpus diacrónico del español*. <<http://www.rae.es>>. Consultado o 19/3/2015.
- COROMINAS = Joan COROMINAS / José Antonio PASCUAL [1980-1991]: *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos [usamos a ed. electrónica de 2012].
- DdD = Antón SANTAMARINA: *Diccionario de diccionarios [do galego moderno]*. <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.
- DRAE* = Real Academia Española (2012): *Diccionario de la lengua española*, ed. 22ª. <<http://lema.rae.es/drae/>>.
- DRAG* = Real Academia Galega: *Diccionario da Real Academia Galega*. <<http://academia.gal/diccionario>>.
- HOUAISS = Antônio HOUAISS / Mauro SALLES VILLAR (2001): *Dicionário eletrônico Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Instituto Antônio Houaiss.
- MM = María MOLINER [1966]: *Diccionario de uso del español*. Madrid: Gredos [usamos a 3ª ed. en formato electrónico, 2007].
- PINTOS = J. Mª. PINTOS VILLAR (2000): *Vocabulario gallego-castellano [c1865]* [ed. de Margarita Neira e Xesús Riveiro]. A Coruña: RAG. <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia [tamén en <<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>>].
- TILG = Antón SANTAMARINA (dir): *Tesouro informatizado da lingua galega*. <<http://ilg.usc.es/TILG>>.
- VOLGa* = Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega [1989]: *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. <<http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>>.